

Acta da Sesión Ordinaria da Xunta Electoral Escola de Enxeñaría Industrial

Asistentes

Pardo Froján, Juan Enrique
Izquierdo Belmonte, Pablo
Barbudo Sampedro, Aitor
García Alonso, Ana Belén
Trillo Yáñez, María Cristina

Orden do día:

1. Calendario electoral e procedemento para as eleccións á Dirección da EEI.
Aprobación se procede.
2. Rogos e preguntas.
3. Aprobación, se procede, da acta da sesión.

Na sala de audiovisuais da sede campus da Escola de Enxeñaría Industrial (EEI) e previa regulamentaria convocatoria, e por sala do campus remoto, ás 10:05 horas do mércores 13 de decembro de 2023, comeza a sesión ordinaria da Comisión Electoral da EEI para as Eleccións á Dirección da EEI coa asistencia dos membros relacionados. Preside a sesión Juan Enrique Pardo Froján, director da EEI, e actúa como secretario Pablo Izquierdo Belmonte.

1. Calendario electoral e procedemento para as eleccións á Dirección da EEI. Aprobación se procede.

En primeiro lugar, apróbase por asentimento o seguinte **calendario electoral** para as eleccións á Dirección da EEI:

18/12/2023			Publicación dos censos provisionais
19/12/2023	ó	09/01/2024	Prazo de reclamacións ós censos provisionais
12/01/2024			Publicación dos censos definitivos
15/01/2024	ó	19/01/2024	Prazo presentación de candidaturas
24/01/2024			Proclamación provisional de candidaturas
25/01/2024	ó	30/01/2024	Prazo de reclamación ás candidaturas provisionais
02/02/2024			Proclamación definitiva de candidaturas
05/02/2024	ó	07/02/2024	Campaña electoral
08/02/2024			Xornada de reflexión
09/02/2024			Votación (Xunta de Escola extraordinaria)
15/02/2024			Proclamación provisional dos resultados
16/02/2024	ó	21/02/2024	Prazo de reclamación dos resultados
23/02/2024			Proclamación definitiva dos resultados



As reclamacións debidamente argumentadas e a presentación de candidaturas realizaranse por email nas seguintes direccións: eei.asuntosxerais@uvigo.gal e/ou eei.centro.departamentos@uvigo.gal, con copia a eei.secretario@uvigo.gal; ou na Area de Apoio a Centro e Departamentos/Negociado de Asuntos Xerais da EEI de 9.00 a 14.00 horas, sendo posible tamén por calquera procedemento de rexistro previsto na normativa da Universidade de Vigo.

As publicacións relativas ás eleccións se realizarán na páxina web da EEI e nos correspondentes taboleiros electorais.

En segundo lugar, os membros asistentes da Xunta Electoral tratan o **procedemento de votación en Xunta de Escola** das eleccións á Dirección do Centro.

Acórdase convocar sesión extraordinaria de Xunta de Escola para a votación ás 12:00 horas do día indicado no calendario.

Acórdase constituír a mesa electoral como segue (mesa de idade):

A presidencia da mesa electoral será ocupada polo PDI con maior categoría/antigüidade presente na sesión que non se presente ás eleccións. Do mesmo xeito, a secretaría será ocupada polo PDI de menor idade que se encontre na sesión que non se presente ás eleccións. Os vogais serán o membro do sector estudantes máis novo e o membro do sector PAS de maior antigüidade que estean presentes na sesión.

Acordase que a votación sexa presencial.

Acórdase que o período de votación en Xunta de Escola se estenda ata as 14:00 horas.

Acórdase que, no caso de haber máis de unha candidatura, se empregará unha papeleta na que se indicarán os/as candidatos/as por orde alfabeticamente dos seus apelidos, podéndose votar a un deles ou en branco.

Acórdase que, no caso de haber só unha candidatura, se empregará unha papeleta que incluíra as opcións de "si" ou un "non", podéndose marcar unha delas ou votar en branco.

De acordo coa normativa electoral:

Para saír electo/a en primeira votación, se deben de obter a maioría absoluta de votos a favor por parte dun/ha candidato/a (máis do 50% dos votos emitidos a favor, tanto se hai unha única candidatura ou varias)

No caso de non acadarse esta maioría, farase unha segunda votación ó día lectivo seguinte á sesión, entre as 12:00 e as 14:00 horas na que resultaría electo/a o candidato/a que acade, entre o total de votos emitidos, un maior número de votos a favor ou un maior número de "sies" que "nons".

Acórdase que os resultados se comunicarán nas datas indicadas no calendario, dando traslado de toda a información sobre o proceso electoral á Secretaría Xeral da Universidade para que leva a cabo os trámites correspondentes e que, asemade, toda a información relativa ó proceso electoral se divulgue a través dos taboleiros electorais de ámbalas dúas sedes, así como a través da páxina web do Centro e polas listas de difusión de todos os sectores da EEI (alumnado, PAS e PDI).


2. Rogos e preguntas.

Non hai rogos nin preguntas.

3. Aprobación, se procede, da acta da sesión.

Apróbbase por asentimento a presente acta.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:15 horas do mesmo día.

Presidente

Juan Enrique Pardo Froján

Secretario


Pablo Izquierdo Belmonte